

Xulio Sousa Fernández (1990): «"Galician G". Un artigo esquecido de E. H. Tuttle», *Cadernos de lingua* 1, pp. 161-164.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## "GALICIAN G". UN ARTIGO ESQUECIDO DE E. H. TUTTLE

XULIO CÉSAR SOUSA FERNÁNDEZ

Instituto da Lingua Galega

No apartado "O son galego do g" do apéndice do poemario titulado *Libro da konsagrazión* o estudioso ferrolán Aurelio Ribalta cita un apunte dun artigo do "filólogo yanke" E. H. Tuttle a quen lle chamara a atención o fenómeno da geadá. No pequeno fragmento tomado por Ribalta, o profesor da Universidade de Yale describe o son do g galego como semellante ó do andaluz e intermedio entre o do j castelán e o do h inglés. Ó mesmo tempo compárao na súa orixe co cambio ocorrido no alto alemán de oclusivas sonoras a fricativas xordas<sup>1</sup>.

Dende que Ribalta citara o artigo de Tuttle no seu libro, este tardou moito tempo en ser tomado en consideración polos estudiosos que se ocuparon de analiza-lo fenómeno sinalado polo lingüista norteamericano. Ata o ano 1980 non atopamos ningunha referencia sobre o artigo do profesor Tuttle. No número correspondente a este ano da revista *Verba* o profesor Antón Santamarina, nun artigo sobre a orixe da geadá, cita indirectamente este estudio: "Referiuse tamén á geadá o lingüista norteamericano E.H. Tuttle, que coincide con Gonçalves de Vian[n]a en identifica-la pronuncia do g galego co j andaluz"; e na nota dinos: "O traballo [de] E.H. Tuttle, "Galician g", *Modern Philology* 4 (1906) só me é coñecido a través da cita e os párrafos que transcribe A. Ribalta no *Libro da Konsagrazión*,..."<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> "In [errata: *In*] one case Galician has undergone a peculiar change [errata: *change*] unknown in the sister-tongues: a surd fricative similar to Andalusian *j*, intermediate to Castilian *j* and English *h*, has developed out of non-palatalized [errata: *non-palatalized*] *g* as in *xogo* "game", *chaga* "wound", *seguer* "follow", *longo* "long", *algun* "some", *negro* "black". This remarkable change, apparently contrari [errata: *contrary*] to the usual Romance laws of phonetics, reminds one of the High German shifting of sonant oclusives to surd fricatives as in *wissen* corresponding to Slovenian *videti*, Italian *vedere*; but its development was presumably something quite different." *Libro da konsagrazión*, Madride, Librería de los sucesores de Hernando, 1910. p. 152-153.

<sup>2</sup> "Novas consideracións ó redor das orixes da geadá" *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Vol. 7, 1980. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1980. pp. 245-246 e nota 10. No mesmo número da revista aparecen outros dous artigos que analizan a orixe da geadá. Non se citan en ningún deles as consideracións de Ribalta sobre a cuestión nin o breve estudio de Tuttle.

O artigo é coñecido ata hoxe de xeito indirecto e parcialmente, xa que o gramático foneticista galego unicamente recadara para o seu libro un pequeno fragmento.

Creemos de interese reproducir aquí na súa totalidade o artigo en cuestión, pois amais de nos fornecer unha hipótese sobre a orixe da geadá que vai polo camiño das teses estruturalistas que oitenta anos máis tarde postularían algúns estudiosos<sup>3</sup>, constitúe unha interesante achega para a bibliografía lingüística galega. Servíndose da comparación, o autor vai marca-las diferencias e afinidades fonéticas entre o idioma de Galicia, que non é como cren algúns escritores un dialecto do castelán<sup>4</sup>, e os seus veciños peninsulares.

O artigo aparece nas páxinas 278 e 279 do número de outubro de 1906 da revista *Modern Philology* (Vol. IV, nº 2).

### GALICIAN G

Although Galicia has long been politically a part of Spain, its language is not, as Castilian writers often say, a dialect of Spanish. Its real affinities are readily made clear by a comparison of almost any of the earlier phonetic developments that differ in the two official tongues of the peninsula.

Latin	Spanish	Portuguese	Galician
caelu	cielo	céu	ceo
bona	buena	boa	boa
plenu	lleno	cheio	cheo
hodie	hoy	hoje	hoxe
januariu	enero	janeiro	xaneiro
folia	hoja	folha	folla
basiavit	besó	beijou	beixou
factu	hecho	feito	feito
illa anima	el alma	a(i) alma	ay alma

In its later history Galician has followed sometimes one language, sometimes the other. Thus *x* still retains, as in Portuguese and Catalan, the sound of English *sh*, Slavonic *s* (ш), while Spanish has altered it to a velar fricative similar to Russian *x* in *nacxa* "Easter." On the other hand *ch*,

<sup>3</sup> En particular A. Santamarina e D. Prieto para os que a geadá é un fenómeno que ten a súa orixe na evolución do sistema fonolóxico galego. A. Santamarina, art. cit. pp. 243-249 e D. Prieto, "Algunhas hipóteses sobre a geadá", en *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Vol. 7, 1980. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1980. pp. 223-241.

<sup>4</sup> Ata datas moi recentes o galego era considerado tanto polos romanistas como polos lingüistas estranxeiros un dialecto do castelán ou do portugués, dependendo do grao de información do investigador. Cf. o artigo do profesor F. Fernández Rei "Posición do Galego entre as linguas románicas", en *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Vol. 15, 1988. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1988. pp. 79-107.

reduced to a simple fricative in Portuguese (as in modern French), represents the same sound-group in Galician as in Spanish and English. The distinction of open and close stressed *o* seems almost entirely lost, probably through the influence of Spanish; but unstressed *o* has taken the sound of *u*, as it has in Portuguese.

In one case Galician has undergone a peculiar change unknown in the sister-tongues: a surd fricative similar to Andalusian *j*, intermediate to Castilian *j* and English *h*, has developed out of non-palatalized *g*, as in *xogo* "game", *chaga* "wound", *seguer* "follow", *longo* "long", *algun* "some", *negro* "black." This remarkable change, apparently contrary to the usual Romance laws of phonetics, reminds one of the High German shifting of sonant occlusives to surd fricatives, as in *wissen* corresponding to Slovenian *videti*, Italian *vedere*; but its development was presumably something quite different.

In Spanish the surd fricatives *ç ss x* were formerly distinguished from the sonants *z s j*, as they still are in Portuguese. The loss of these sonants Galician shared with Spanish, in which they became surd some centuries ago; and this change was probably connected with that of Galician *g* into its present *h*-like sound. In the peninsular tongues there has always been a tendency to weaken the originally occlusive sounds of *b d g* to fricatives; and supposing this tendency to have been especially strong in the case of early Galician *g*, it is perfectly natural that this sonant fricative should have become surd when the others did.

Against this proposed solution of the question, the objection might be made that of the three consonants *b d g*, the one that has the least tendency to become fricative, in modern Spanish and Portuguese, is *g*. But this objection is by no means fatal, for it is not uncommon to find in a language opposite tendencies during different periods of its history or in different portions of its sound-system. French has gradually gotten rid of all its falling diphthongs, some being changed to rising ones (*ie oi ui*) and others contracted to simple vowels (*ai ei au eu ou*); but the modern language seems to be on the point of forming new ones with the help of vowelized palatal *l*. In English the tongue is generally draw back from the teeth; in French there is just the opposite tendency. Notwithstanding this, English keeps unaltered the two dentilingual fricatives written *th* (Icelandic *ð* and *þ*), while French lost these sounds long ago. The theory of an early Galician fricative *g* therefore seems an entirely safe assumption; and it is moreover apparently the only one that will account for the modern sound.

E. H. TUTTLE

YALE UNIVERSITY

Aínda que Galicia foi politicamente durante moito tempo unha parte de España, a súa lingua non é, como din os escritores casteláns, un dialecto do español. As súas verdadeiras afinidades cláranse facilmente ó comparala maioría das evolucións fonéticas máis antigas, que difíren nas dúas linguas oficiais da península.

<i>Latín</i>	<i>Español</i>	<i>Portugués</i>	<i>Galego</i>
caelu	cielo	céu	ceo
bona	buena	boa	boa
plenu	lleno	cheio	cheo
hodie	hoy	hoje	hoxe
januariu	enero	janeiro	xaneiro
folia	hoja	folha	follla
basiavit	besó	beijou	beixou
factu	hecho	feito	feito
illa anima	el alma	a(i) alma	ay alma

Na historia máis recente, o galcgo seguiu unhas veces unha lingua e outras a outra. Así o *x* aínda conserva, coma no portugués e no catalán. o son do *sh* inglés, eslavo *s* (*u*), mentres que o español o cambiou por un vejar fricativo parecido ó *x* ruso en *nacxa* "Semana Santa". Por outra banda o *ch*, reducido a un simple fricativo en portugués (como tamén en francés moderno), representa o mesmo grupo de sons ca en español e inglés. A diferenza entre o o tónico aberto e pechado, parece case perdida por completo, posiblemente pola influencia do español, pero o *o* átono toma o son *u* coma en portugués.

Nun caso o galego experimentou un cambio peculiar descoñecido nas linguas irmás: unha xorda fricativa similar ó *j* andaluz, intermedio entre o *j* do castelán e o *h* do inglés, que se desenvolveu a partir do *g* non palatalizado, coma en: *xogo*, *chaga*, *seguer*, *longo*, *algún*, *negro*. Este destacable cambio, aparentemente contrario ás leis fonéticas usuais nas linguas romances, fai recordar un dos cambios das oclusivas sonoras ás fricativas xordas do Alto Xermánico, coma en *wissen* que corresponde ó eslavo antigo *videti*, e ó italiano *vedere*; así e todo o seu desenvolvemento foi presumiblemente algo diferente.

En español as fricativas xordas *ç* *ss* *x*, estaban antigamente diferenciadas das sonoras *z* *s* *j*, como aínda o están en portugués. A perda destas sonoras compártao o galego co español, nos dous fixéronse xordas xa hai uns séculos; e este cambio estivo probablemente relacionado co ocorrido no *g* ata o actual son *h*. Nas linguas peninsulares houbo sempre unha tendencia a debilitar-los orixinais sons oclusivos *b* *d* *g* en fricativos; e supoñendo que esta tendencia fose particularmente forte no caso do antigo *g* galego, é perfectamente lóxico que este fricativo sonoro se convertese en xordo cando os outros o fixeron.

Contra esta solución proposta á cuestión interpoñeríase a obxección de que das tres consoantes *b* *d* *g*, a que ten menor tendencia a se facer fricativa, no español e portugués modernos, é o *g*. Pero esta obxección non é de ningún xeito terminante, porque non é raro atopar nunha lingua tendencias opostas durante diferentes períodos da súa historia ou en diferentes partes do seu sistema de sons. ● francés foi perdendo gradualmente os seus ditongos decrecentes, algúns cambiáronse a crecentes (*ie* *oi* *ui*) e outros contraeron en simples vocais (*ai* *ei* *au* *eu* *ou*); pero a lingua moderna parece estar a punto de formar novos ditongos coa axuda do *l* palatal vocalizado. En inglés a lingua móvese xeralmente dende os dentes cara a atrás; en francés hai xustamente a tendencia contraria. A pesar disto, o inglés mantén sen cambios as dúas fricativas dentais escritas *th* (islandés *ð* e *þ*), mentres que o francés perdeu estes sons hai moito tempo. A teoría dun antigo *g* fricativo parece polo tanto un suposto completamente seguro; e é ademais aparentemente o único que explica o son moderno.